



PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE UN POSITIVO NO CENTRO

1. Cando o responsable Covid 19 teña coñecemento oficial dun caso confirmado (vía telefónica ou preferentemente vía eduCovid)
 - a. Informará coa maior brevidade ao titor@ do grupo afectado.
 - b. Informará ao grupo Covid para que asesore á titora do grupo de que se trate.
 - c. Informará ao Claustro.
2. A titora do grupo elaborará no menor prazo de tempo posible un "Informe de contactos" para o que deberá contar co asesoramento do membro do grupo covid do seu nivel. O informe será remitido ao responsable covid a través do correo electrónico corporativo, respetando a confidencialidade dos datos. O informe debe incluír:
 - a. Situación do alumnado na clase.
 - b. Valoración de contactos estreitos do alumno.
 - c. Irmáns no centro.
 - d. Uso de servizos complementarios.
 - e. Profesorado que impartiu docencia no grupo nos últimos dous días naturais.
 - f. Alumnado que non asistiu a clases nos últimos días.
 - g. Teléfono de contacto das familias.
 - h. Outras observacións que considere relevantes.

A hora de definir os contactos estreitos valorarase si se teñen seguido de forma efectiva as medidas de prevención e hixiente previstas nos protocolos de referencia.

Cumpre ter en conta os criterios xerais establecidos pola Consellería de Sanidade para a identificación de contactos estreitos: (ref. protocolo sergas... ámbito educativo:

- "Identificarase como contacto estreito calquera persoa que puidese compartir espazo co confirmado a unha distancia <2 metros arredor do caso durante máis de 15 minutos salvo que se poida asegurar que se realizou un uso adecuado da máscara". Esta consideración fai referencia a alumnado e tamén a calquera profesional do centro educativo.
 - "O período a considerar é dende 2 días antes do inicio de síntomas... nos casos diagnosticados por PCR, os contactos buscaranse dende 2 días antes da data do diagnóstico.
3. Unha vez recibido o informe o responsable Covid trasladará a información á autoridade sanitaria empregando a aplicación eduCovid. <http://edu.xunta.es/educovid>
 4. O responsable Covid do centro informará a todas as familias do grupo a través da aplicación abalarMóbil que se confirmou un positivo na súa aula e o proceso a seguir.
 5. Informarase a través da aplicación abalar móbil e coa carta-modelo da consellería de educación a todas as familias do centro educativo e publicará unha nova na web do centro.
 - 6.
 - 7.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP "PARADAI"

Rúa Alexandre Boveda, s/n
27003 – LUGO

Tlfo: 982 870429 Fax:982870436

e-mail: ceip.paradai@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipparadai>



8. Terase especial coidado na preservación daqueles datos que puideran ser considerados confidenciais lembrando a obriga de segredo profesional derivada da aplicación dos protocolos de referencia.
9. Seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade.